CINEMA CRIANZA

FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE INFANTIL

15-16-17-18 NOVEMBRO 2018 CONCELLO DE AMES

www.cinemacrianza.com

O NOSO FESTIVAL

Cinema Crianza é un festival internacional de cine infantil que nace no concello de Ames co afán de propiciar que as nenas e nenos galegos descubran o gusto polo cinema así como co de axudar a formar un público futuro con sensibilidade artística, interese cultural e espírito crítico ante o consumo audiovisual.

Ademais da indiscutible dimensión lúdica, cremos no cine como unha ferramenta fundamental para a educación e a creatividade. De aí que, nesta segunda edición, queremos emprender un camiño de achegamento ao mundo educativo ofrecendo unha programación especial para público escolar e docentes.

Así mesmo, consideramos que este festival debe transmitir a diversidade existente tanto nos tipos de filmes coma nas sociedades nas que se crean. É por iso que a selección de pezas que se ofrecen nestas sesións se realizou a partir dun total de 2.000 propostas procedentes de máis de 90 países diferentes. Deste xeito, Cinema Crianza busca ser tamén unha porta aberta á interculturalidade e á reflexión sobre valores, ideas e pensamentos de valor social e cultural.

Con estes obxectivos e moita ilusión continuamos insuflándolle vida a este emerxente festival audiovisual que busca consolidarse como unha cita cultural de referencia para as familias galegas.



A incrible historia da formiga Federica

Había unha vez..., pero non unha vez calquera, non vos vaiades pensar, era unha desas veces que só acontecen un vez cada moitos, moitos anos. Había unha formiga moi pequerrechiña á que deron en chamar Federica.

Federica era, en aparencia, unha formiga como tódalas demais. Quizais un pouco máis fedello da conta, pero formiga ao fin e ao cabo. Federica vivía nun fermoso xardín, e adoitaba facer cousas que fan as formigas: explorar, descubrir e transportar. "Se podes levantalo, podes levalo ó formigueiro" soía dicir Papá Formiga, e o exemplo cundiu en Federica, que era quen de cargar no seu lombo moreas e moreas de cousas. Desde logo, para ser tan pequerrechiña, era capaz de cargar moitos máis trebellos que calquera formiga media. Din que unha formiga é capaz de levantar 7 veces o peso do seu corpo pero quen dixo iso non coñeceu a Federica. Federica podía levantar vinte, que digo vinte!, corenta veces o peso do seu corpo!. Tanto era así que aquel formigueiro estaba repleto de tesouros atopados por Federica nos arredores daquel fermoso xardín.

Federica tiña unha vida feliz, mais había algo que a inquedaba. Pese a ser pequerrechiña, Federica tiña unha teima. Xa coñecía todo o que había arredor do xardín e no seu interior emerxía unha ansia. Quería saír, descubrir o que había máis alá daquelas lindes.

ALGÚNS DOS BECHIÑOS E BECHIÑAS QUE NOS ATOPAREMOS NO BOSQUE DE CINEMA CRIANZA

A nosa acomodadora Atenea Gharsía:

O Cinema Crianza transformará os auditorios das casas da cultura do Milladoiro e Bertamiráns en fermosos cines cuxas butacas serán ocupadas por nenas e nenos ansiosos por ver os filmes seleccionados para esta segunda edición do noso festival. Recibindo a este selecto público estará esta entrañable acomodadora que ansía ver os seus cines cheos de xente desfrutando da sétima arte.

O presentador Fran Cañotas:

Fran Cañotas é xornalista na Televisión de Galicia, onde presenta o programa 'A liga das cidades' e colabora no 'En Xogo'. Participa en diferentes espazos radiofónicos e retransmisións deportivas para os medios públicos galegos. Ademais, está ligado desde pequeno ao mundo do teatro e do tempo libre no campo infantil. Presentou galas, exposicións e diferentes festas populares. Virá ao Cinema Crianza para presentar a sesión **'Arredor dunha pelota'.**

A bióloga Patricia Reboreda Cigarrán:

Patricia medrou entre o mar e o monte, polo mar sigue e no monte vive. Doutora en Bioloxía mariña, logo duns anos adicados a impartir formación pesqueira, desembarcou no concello de Ames, onde leva 15 anos desenvolvendo un programa de educación ambiental dirixido a todos os públicos co fin de ir pousando a semente naturista que ela recibiu. Continuará con este labor no Cinema Crianza, onde presentará a sesión sobre medio ambiente **'Brotes Verdes'.**

O cantante Xoán Curiel:

Xoán Curiel é un dos músicos máis queridos polo público miúdo. Despois de percorrer os escenarios galegos co espectáculo do libro-disco infantil Estamos no verán!!! (Editorial GALAXIA), Xoán Curiel e a Banda do Verán, atrévense cunha nova, terrorífica e divertida aventura: A Casa do Terror. A canción que pon nome ao álbum ten novo videoclip, e será estreado mundialmente no bloque **'Música para parrulos'** do Cinema Crianza!



As nosas arquitectas (xurado)

Estas serán as persoas encargadas de botarlle un ollo a tóoodolos filmes a concurso desta segunda edición do Cinema Crianza e de entregar os premios Axóuxeres e Buxainas.

A directora Sandra Sanchez:

Ten unha traxectoria extensa como directora, montadora, e guionista. Tras dirixir varios documentais e series para televisión, en 2011 estrea Tralas luces, un proxecto moi persoal no que traballa durante catro anos, e que foi estreado na sección de novos directores do Festival de San Sebastián. Posteriormente continúa traballando como montadora en diversas producións, entre as que destacan películas como Rafael, Migas de pan ou Esquece Monelos. Tamén dirixe as curtametraxes Matías(2016), e A Nena Azul (2018), filme este último que está iniciando o seu percorrido en festivais.

A guionista Sara Gómez Iglesias:

Licenciada en Comunicación Audiovisual. Máster en Produción e Xestión de Proxectos Audivisuais. Guionista. Nai en prácticas dun terremoto de ano e medio. Escribe os seus primeiros proxectos grazas ao apoio dunha Bolsa Primeira Obra da Caixa Galicia(2007), e de dúas subvencións da AGADIC (2007 e 2009). En 2010, comeza a traballar como guionista profesional para diferentes produtoras de Galicia. Participa na escritura de series como Padre Casares, Matalobos, Luci ou Urxencia Cero (da que tamén é cocreadora). Na actualidade, compaxina o seu labor de guionista independente co desenvolvemento dos seus propios proxectos.

O director da Academia Galega do Audiovisual Miguel Mariño:

Miguel Mariño comezou traballando en produción e no departamento de desenvolvemento de diferentes produtoras, tanto en obras modestas como en proxectos internacionais e iso facilitoulle, cos anos, a transición cara a produción e dirección dos seus propios traballos. Dende 2017 é o director da Academia Galega do Audiovisual.



XOVES 15 NOV

CASA DA CULTURA DO MILLADOIRO

19.00 H — MESA REDONDA: 'CRUCE DE CAMIÑOS: DIÁLOGOS ENTRE EDUCACIÓN E AUDIOVISUAL'

VENRES 16 NOV

CASA DA CULTURA DE BERTAMIRÁNS

18.00 H — SESIÓN INAUGURAL: NARRACIÓNS EXTRAORDINARIAS 1

SÁBADO 17 NOV

CASA DA CULTURA DE BERTAMIRÁNS

12.00 H — PEQUENAS CRIATURIÑAS

12.45 H — MÚSICA PARA PARRULOS

17.00 H — BROTES VERDES

18.00 H — O REINO DAS HARMONÍAS

18.45 H — ARREDOR DUNHA PELOTA

20.00 H — A MIÑA FAMILIA E OUTROS ANIMAIS 1

DOMINGO 18 NOV

CASA DA CULTURA DO MILLADOIRO

12.00 H — PRIMEIRAS AVENTURAS

12.45 H — A MIÑA FAMILIA E OUTROS ANIMAIS 2

17.00 H — NARRACIÓNS EXTRAORDINARIAS 2

18.00 H — CLAUSURA + ENTREGA DE PREMIOS

IDADES RECOMENDADAS POR SESIÓN:

+ 2 ANOS | + 5 ANOS | + 7 ANOS

SESIÓNS CON CURTAMETRAXES A CONCURSO:

CATEGORÍA AXÓUXERES

CATEGORÍA BUXAINAS

ENTRADAS:

Prezo: 2€ público adulto/ 1€ público infantil
Venda de entradas en: https://abilleteira.concellodeames.gal/gl/
Sesións gratuítas: Inaugural, de clausura e 'Música para parrulos'
É preciso retirar entrada para todas as sesións.

SÁBADO 17
CASA DA CULTURA BERTAMIRANS

CÍA. TÍTERES ERRANTES (BURGOS)

A FEIRA DAS ILUSIÓNS*

VISITAS DE
12.00 A 14.00 H
E 17.00 A 19.00 H

*EXPOSICIÓN 'A FEIRA DAS ILUSIÓNS':

Achegádevos a experimentar cos diversos xoguetes ópticos que deron lugar ao nacemento das imaxes animadas e do cine. Visitas guiadas teatralizadas. Non é necesario mercar entrada.

MESA REDONDA: 'CRUCE DE CAMIÑOS: DIÁLOGOS ENTRE EDUCACIÓN E AUDIOVISUAL'

Como se inician as nenas e nenos no consumo de produtos audiovisuais? Que tipo de produtos precisan as educadoras para incorporar ás aulas? Precisamos producir material audiovisual para o ámbito da docencia ou é máis necesario incorporar o audiovisual como materia lectiva?
Por que son escasas as producións audiovisuais para público infantil e xuvenil en Galicia?

Estas son só algunhas das preguntas que intentaremos resolver a partires do diálogo entre docentes e profesionais do medio audiovisual. O obxectivo de "Cruce de Camiños" é, ademais, promover sinerxías e fomentar o coñecemento e a interrelación de dúas realidades, a docencia e o audiovisual, que precisan entenderse non só no presenten senón no futuro inmediato.

A mesa estará moderada polo noso director do festival **MARCOS NINE**.

Os docentes Cristina Campos e Rafael Sánchez-Agustino:

Cristina Campos Pérez e Rafael Sánchez-Agustino Rodríguez son mestres do CEIP A Lama. Dende hai máis de dez anos, comezan coa creación audiovisual nesta escola dende a bilbioteca para procurar a Alfabetización Informacional e Mediática do alumnado. Nestes anos teñen gañado varios premios entre os que destacan: 1º Premio no Concurso Nacional de Boas Prácticas na Dinamización e Innovación das Bibliotecas Escolares 2011, Ministerio de Educación. 1º Premio no concurso "Nós tamén creamos" 2013. Mellor Fotografía no Festival Audiovisual Galego Olloboi 2014. 1º Premio no Concurso OUFF Escola 2015. Selo Buena Práctica Leer.es Ministerio de Educación 2011. Selo Buena PrácTICa 2.0 Ministerio de Educación 2013

O profesor Manolo González:

Pioneiro na introdución do vídeo na escola, xa nos anos 80, este profesor do IES Concepción Arenal de Ferrol é recoñecido por ter creado un método propio para impartir as súas clases de historia no instituto no que conseguir xuntar a súa pasión pola historia co amor polo cinema. 'Cliphistoria' é a canle de Youtube onde sube recursos para ensinar a historia a través de clips de filmes. De longa traxectoria, Manolo González é un auténtico referente en Galicia sobre a relación entre cine e educación. Ademais, foi creador e director da Escola de Imaxe e Son da Coruña e director da Axencia Audiovisual Galega.

A produtora Mamen Quintas:

Mamen Quintas é xerente de Ficción Producciones, unha empresa que leva máis de 15 anos adicada á creación de ficción, entretemento, animación e videoxogos. Entre as últimas producións de Ficción está 'Tutú', unha serie de animación 3D para preescolar coproducida con TVE e que se emite en Clan. Gañou en Galicia o Premio Muller Empresaria 2018, impulsado por CaixaBank.

A coordinadora da Asesoría de Bibliotecas Escolares Cristina Novoa:

Despois de vintecatro anos de traballo directo nos centros de educación primaria como mestra, Cristina Novoa é, dende a súa creación en 2003, coordinadora da Asesoría de Bibliotecas Escolares, en comisión de servicios, na Consellería de Educación. Así pois, encárgase da coordinación de actividades de formación para o profesorado de toda Galicia, en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura. Ademais, é Integrante da Comisión Técnica de Bibliotecas Escolares (MECD-CCAA), do Grupo estratégico para el estudio de prospectiva sobre la biblioteca en el nuevo entorno informacional y social (Prospectiva Bibliotecas 2020), do Grupo de Trabajo GTALFIN (grupos de traballo no seo do Consello de Cooperación Bibliotecaria, a nivel estatal) e Integrante do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia.

A FEIRA DAS ILUSIÓNS
CÍA. TÍTERES ERRANTES

"La Feria de las Ilusiones", da compañía burgalesa Títeres Errantes, é un percorrido expositivo teatralizado a través dunha instalación interactiva a modo de feira ambulante de enxeños ambientada no século XIX onde o público irá adentrándose nun paseo pola historia dos xoguetes ópticos e as ilusións visuais que deron lugar ao nacemento das imaxes animadas e o cine. Os irmáns Reynaud, feirantes vidos do pasado, faranvos unha visita guiada a través deste particular percorrido onde poderedes xogar e deixarvos sorprender por estes particulares enxenios ópticos.

Os obxectivos xerais do espectáculo son:

- Dar a coñecer unha visión global e cronolóxica das innovacións e enxeños ópticos que no século XIX deron lugar á invención do cinema.
- Observar mediante os produtos e maquinaria o avance da técnica de captura e proxección de imaxes fixas e en movemento ao longo da Historia.
- Analizar algunhas das máquinas e descubrimentos que fixeron posible a fotografía e o cinematógrafo.
- Tomar conciencia da historia dos inventos ópticos, lumínicos, e mecánicos que fixeron posible o cinematógrafo.

Exposición 'A feira das ilusións'
Sábado 17 | de 12 a 14 e de 17 a 19 h | Casa da cultura de Bertamiráns

SÁBADO 17
CASA DA CULTURA BERTAMIRÁNS
CÍA. TÍTERES ERRANTES (BURGOS)
A FEIRA DAS ILUSIÓNS*
VISITAS DE 12.00 A 14.00 H E 17.00 A 19.00 H

Pequenas Criaturiñas

+2

As máis pequenas da casa teñen neste bloque a súa sección. Filmes que nos ensinan o valor da amizade, o coidado medio ambiente e como facer tortas de aniversario seguindo o libro. Aprenderemos sobre a evolución con dinosauros de plastilina, coñeceremos singulares bechiños e fantásticos xardíns ateigados de monstros un tanto estrafalarios e de caracois bastante lambóns. Unha sección chea de aventuras por terra, mar e aire.

Todas as curtametraxes desta sección son candidatas ó Premio Axóuxeres que concederán as nosas "arquitectas" ó mellor filme para público de 2 a 7 anos.

A primeira pluma

Título orixinal: The First feather
Nacionalidade: Dinamarca
Ano: 2017
Dirección: Sine Aaroe Juhl
Produción: Sine Aaroe Juhl
Duración: 4:14

Unha historia da evolución da vida e da aceptación contada con animación en stop-motion. Desde o momento en que o primeiro dinosauro con plumas é incubado ten que loitar para encaixar cos outros dinosauros.

Gatos lambóns. O aniversario do gato hotdog

Título orixinal: FoodieCats HotdogCat's Birthday
Nacionalidade: Estados Unidos
Ano: 2018
Dirección: Benjamin Berliner
Guión: Andrew Adams
Produción: Academy of Art StudioX / Kerynne Tejada
Duración: 3:45

O gato Hotdog segue á cuadrilla de Gatos lambóns mentres atopan o agasallo perfecto para o seu mellor amigo. Cociñar un bolo é o agasallo perfecto que sae do corazón. Só confiando os uns nos outros e cociñando polo libro serán capaces de completar esta tarefa abafante.

Roshnij

Nacionalidade: Israel
Ano: 2017
Dirección: Shaool Levy / Noy Friman / Maja garmulewicz / Zuzanna stach
Produción: Gali luson / Lior Oron / Guy Livnat / Dagna Kidon
Duración: 2:18

Unha pequena cerimonia que suscita moitas preguntas. Roshnij é unha curtametraxe sobre o noso lugar na sociedade. A palabra "roshnij" significa "crecer" en polaco. A película foi realizada como parte dunha colaboración entre estudantes do colexio universitario Sapir en Israel e a escola de cine de Lodz en Polonia.

Miau

Nacionalidade: Estados Unidos
Ano: 2018
Dirección: Úrsula Echeverría
Duración: 1:30

Esta película está inspirada nunha historia real sobre como a directora da curta tivo que deixar o gato na súa cidade natal cando a súa familia e máis ela marcharon do país. Lamentablemente fuxiu da persoa que o estaba a coidar e estivo perdido case catro meses. Despois de rematar o seu primeiro semestre en Calarts puido volver á súa cidade natal e, como por arte de maxia, soubo que estaba alí e volveu a ela.

O bulf

Título orixinal: The bulf
Nacionalidade: Polonia
Ano: 2018
Dirección: Adam Witkowski / Marcin Domitrz
Produción: Adam Witkowski / Marcin Domitrz
Duración: 2:44

Bulf vive nunha cova subterránea unicamente preocupado por satisfacer as súas necesidades básicas. Cando arrinca unha das raíces das que se alimenta ve unha flor por primeira vez na súa vida. Así descobre a beleza do mundo das plantas e axiña aprende tamén a usar os seus recursos. Pouco despois, Bulf aprende o que significa coidar de si mesmo.

Fame

Título orixinal: Munchies
Nacionalidade: Australia
Ano: 2018
Dirección: Hayley Warnock
Duración: 2:35

Herbert está a pasar agradablemente a tarde no seu xardín ata que descobre que algo está a comer os seus cultivos. Seguro que non pode ser tan difícil atrapar o autor.

O PEQUENO LOBO GRIS.
A PRIMAVERA E O XEO Á DERIVA.
TÍTULO ORIXINAL: LITLE GREY WOLFY SPRING AND ICY DRIFT
NACIONALIDADE: NORUEGA
ANO: 2017
DIRECCIÓN: NATALIA MALYKHINA
PRODUCIÓN: NATALIA MALYKHINA
DURACIÓN: 6:30

A primavera é o tempo do xeo á deriva nun río. Wolfy e Hare, levados polas súas andanzas, de súpeto atópanse no chan no medio dunha xigante corrente xeada. A corrente fría agocha moitos perigos, mais a súa imaxinación acode a axudar. E os seus amigos, por suposto!

MAXIA DE LÚA
TÍTULO ORIXINAL: MOON-MAGIC
NACIONALIDADE: REINO UNIDO
ANO: 2017
DIRECCIÓN: CAROL M. BURGER
PRODUCIÓN: CAROL M. BURGER
DURACIÓN: 8:46

Esta animación representa o percorrido de tres barcos a través da noite e toda a maxia xerada por un cometa pasaxeiro que fai que todo sexa posible... Tamén representa, simbolicamente, o noso percorrido pola vida onde os obstáculos se poden transformar en posibilidades positivas que conducen á autoconsciencia.



MÚSICA PARA PARRULOS

+2

Neste bloque teredes tempo para cantar e bailar cos vosos grupos favoritos. Haberá ademais dúas estreas mundiais e un convidado ben especial... **XOÁN CURIEL**!

PROXECCIÓN DOS VIDEOCLIPS:
A GRAMOLA GOMINOLA - "A FÁBRICA DE CARMELA"
MÃO VERDE - "A COR DA ROSA"
OVIRAVAI - "PLÁTANOS"
OS BOLECHAS & MONOULIOUS DOP - "XA ESTÁN AQUÍ OS BOLECHAS"
MAGÍN BLANCO - "O MEU AVÓ IE-IÉ" [ESTREA]
XOÁN CURIEL - "UNHA CANCIÓN"
XOÁN CURIEL E A BANDA DO VERÁN - "A CASA DO TERROR" [ESTREA]

Primeiras aventuras

+2

Lembrádesvos daquela pelota coa que xogabades con papá? recordades de que erades un pouco demiños? E a primeira vez que subistes a unha árbore? Os primeiros soños, os primeiros xogos e tamén, como non, as primeiras liortas cos nosos irmáns e irmás. Estas son algunhas das historias que poderemos ver en "Primeiras Aventuras", un bloque cheo de primeiras experiencias, desas que nos quedan gravadas para sempre.

Todas as curtametraxes desta sección son candidatas ó Premio Axóuxeres que concederán as nosas "arquitectas" ao mellor filme para público de entre 2 e 7 anos.





Tempo de xogo

Título orixinal: Playtime
Nacionalidade: Reino Unido
Ano: 2018
Dirección: Toby Leung
Duración: 5:20

Un monstro grumoso verde está decidido a gardar a súa colección de xoguetes nun estante, mentres que un bebé monstro inconsciente insiste en xogar con eles. Os dous son igualmente apaixonados polos xoguetes aínda que de formas opostas. Ao final aprenden a apañarse entre eles a través dunha serie de interaccións cómicas.

Miles de viaxe

Título orixinal: Miles Away
Nacionalidade: Suiza
Ano: 2018
Dirección: Barbara Brunner
Produción: Franziska Meyer
Duración: 3:30

Miles é un neno que ten como mellor amiga a unha árbore. Xuntos aventúranse nunha viaxe e gozan dun día de verán perfecto no parque de atraccións. Esta é unha pequena curtametraxe para crianzas, cunha simple mensaxe: nunca estarás só ou aburrido se deixas que a imaxinación te guíe.

A cerdeira

Título Orixinal: Tresnovy strom
Nacionalidade: República Checa
Ano: 2017
Dirección: Eva Dvořáková
Duración: 5:30

Esta película de animación mostra a formación dunha imaxe mural, que se forma soa e vive soa. A película trata sobre a relación entre os personaxes desa imaxe, mais a imaxe en si é fráxil e pode verse afectada polo mundo real. A película está baseada na esaxeración, sorpresa e improvisación.

Wander

Nacionalidade: Canadá
Ano: 2018
Dirección: Daniela Monzón Leotaud
Duración: 3:46

Ao mesmo tempo lúdica e nostálxica, Wander é unha carta de amor a Venezuela contada por un neno xigante.

Nina

Nacionalidade: Arxentina
Ano: 2017
Dirección: Isabel Macias
Produción: Isabel Macias
Duración: 3:00

Unha rapaza e a súa boneca van a todas as partes xuntas. Ás veces o mundo pode ser hostil.



Boas noites

Título orixinal: Good night
Nacionalidade: Xapón
Ano: 2018
Dirección: Makiko Nanke
Duración: 6:22

Para estes nenos xemelgos, calquera pequena rivalidade de irmáns é o cotián. E non importa o insignificante que sexa a infracción, para eles calquera pequena disputa é un acto de guerra. Viven cada día con tanta ou máis emoción que unha película de acción. Loitan con todo o que teñen... e mesmo en soños, xorde a batalla.

Brotes Verdes

+5

Neste bosque de Cinema Crianza non podía faltar un bloque de filmes que falasen da natureza e de como coidala. De non malgastar a auga, non encher de lixo as nosas praias e, en definitiva, de respetar o noso medio ambiente. Tanto se vives no campo como na cidade, cada pequeno xesto conta e o noso planeta estarache agradecido.

Todas as curtametraxes desta sección son candidatas ó Premio Axóuxeres que concederán as nosas "arquitectas" ao mellor filme para público de entre 2 e 7 anos.

Este bloque fala sobre medio ambiente e quen mellor para presentalo que a nosa técnica da aula de natureza, a bióloga **Patricia Reboreda**!

O cazador de árbores xigantes

Título orixinal: O caçador de árvores gigantes
Nacionalidade: Brasil
Ano: 2016
Dirección: Antonio Pereira
Produción: Fernanda Severo
Duración: 11:00

Un neno que xoga no xardín da súa casa descobre un cofre enterrado que revela un segredo. Máis de cincocentos anos atrás os homes venderon as maiores árbores da terra aos reis máis poderosos. Un día todo rematou e nunca máis se oíu falar dos cazadores de árbores. O rapaz, coa axuda do seu amigo Bug, irá na procura das árbores xigantes que el cría atrapadas no ceo.

Achoo

Título orixinal:
Nacionalidade: Taiwan
Ano: 2018
Dirección: Zhao-Yan Xhan
Produción: Zhao-Yan Xhan
Duración: 5:30

A contaminación do aire é un problema moi grave na cidade. Cando a nena estornuda "¡achoo!", un lindo e pequeno monstro aparece do seu nariz de repente. A nena obtén poderes máxicos grazas ao monstro. Converterase nunha súper heroína?

Chiripajas

Nacionalidade: Federación Rusa
Ano: 2017
Dirección: Olga Poliektova e Jaume Quiles
Duración: 2:00

Unha película ecolóxica sobre a gran aventura dunha pequena tartaruga que trata de atopar a súa familia cando se enfronta ao severo problema dos océanos contaminados.

O corazón da casa

Título orixinal: 屋子心
Nacionalidade: Taiwan
Ano: 2018
Dirección: En-Qi Yang
Produción: En-Qi Yang
Duración: 5:38

A casa de Lin é fonte de moitas e valiosas lembranzas para os Lins. Non é só unha protectora, senón unha compañeira. Con recortes de papel feitos a man, este clip aborda a parte afectiva da antiga casa de Lin e espera espertar a conciencia da xente sobre os valores das vivendas e edificios antigos en aspectos alternativos.

La tierra en mis manos - Sin agua

Nacionalidade: Arxentina
Ano: 2016
Dirección: Nicolas Conte
Guión: Micaela Doll
Produción: Yanina Schiavone
Duración: 4:00

Que pasaría se toda a auga da Terra desaparecese? Mara, de trece anos, é unha rapaza aventureira que adoita telo todo e nunca se cuestionou sobre o medioambiente. Mais cando descobre o que realmente sucede coa Terra, grazas á súa gata Pantufla, as cousas cambian.

O derradeiro libro da terra

Título orixinal: The last book from Earth
Nacionalidade: España
Ano: 2018
Dirección: Pau Torrano / Martina Soteras
Produción: Stills Animation
Duración: 1:53

Poñémonos na pel do astronauta que atopa o derradeiro libro da Terra. Que nos contaría?

Devolve a silenciosa primavera

Título orixinal: give back the silent spring
Nacionalidade: Turquía
Ano: 2018
Dirección: Zeynep Üstünipek e Burak Kum
Produción: Burak Kum
Duración: 3:16

"A actitude do home cara á natureza é hoxe de vital importancia simplemente porque agora adquirimos un poder fatídico para alterar e destruír o mundo. Mais as persoas forman parte da natureza, e a súa guerra contra ela é inevitablemente unha guerra contra elas mesmas". A activista medioambiental e heroína Rachel Carson.



Raíz

Nacionalidade: México
Ano: 2018
Dirección: Raúl Cárdenas
Produción: Raúl Cárdenas
Duración: 6:04

No medio dunha completa devastación, un neno ten nas súas mans a derradeira luz de esperanza; non obstante, para facela brillar, hai que facer un gran sacrificio.

E o mundo levou

Título orixinal: 漂 gone with the world
Nacionalidade: Taiwan
Ano: 2018
Dirección: Kuo, Chia Tse / Yang, Chi-chun / Yeh, Yi-Ling / Lu, hsin / Chang, Chun-Kai / Wu, Wen-Jie
Produción: Yeh, Yi-Ling
Duración: 5:52

Seis persoas uníronse para compartir os mesmos puntos de vista sobre este mundo. Queren demostrar que temos a capacidade de converter o que está na nosa mente no que vemos. E esas son as motivacións para facermos esta curtametraxe.

Narracións extraordinarias +5

Adentrámonos no mundo dos soños e da fantasía. En "Narracións extraordinarias" coñeceremos todo tipo de seres fantásticos de tódolos tamaños e con formas inimaxinables. Nesta edición poremos especial atención ó mundo mariño con grandes historias que emerxen desde as profundidades. Temos autobuses que viaxan por debaixo do mar e pescadores que poñen as súas redes nos ceos, gaivotas ás que lle gusta bailar e peixes que serven de guías nas escuras noites.

Todas as curtametraxes desta sección son candidatas ó Premio Axóuxeres que concederán as nosas "arquitectas" ó mellor filme para público de entre 2 e 7 anos.

Po no ceo
Título orixinal: Dust in the sky
Nacionalidade: Canadá
Ano: 2016
Dirección: Iris Moore
Duración: 10:25

A Vida articula as súas creacións con amor e con coidado. Cando a Morte repetidamente lle quita esas creacións, a Vida enfádase e pídelle á Morte que marche, só para descubrir que sen a Morte, non ten forma de seguir creando...

Krasnoludki
Nacionalidade: Belarus
Ano: 2018
Dirección: Roman Burmakov
Duración: 4:49

O xoguete dun neno está roto, mais os pequenos ananos (krasnoludki) que viven na súa casa deciden axudarlle secretamente.



Cinco minutos para o baño
Título orixinal: Пять минут до моря
Nacionalidade: Rusia
Ano: 2018
Dirección: Natalia Mirzoyan
Produción: Ilia Popov, Anatoliy Prokhorov, Nadezhda Kuznetsova
Duración: 7:10

A nai dille á filla que descanse cinco minutos antes de nadar outra vez. Á nena eses cinco minutos parécenlle unha eternidade. Ela intenta divertirse mirando como outros asiduos á praia pasan os seus cinco minutos de maneiras diferentes. Non obstante, todos esperan polo seu "baño".

Como un corpo
Título orixinal: Like a body
Nacionalidade: Austria
Ano: 2015
Dirección: Lukas Uvacek
Duración: 5:22

A curtametraxe animada Como un corpo compara a vida interior (a liberdade que busca a alma) do protagonista principal á situación cotiá. Móstralle ao corpo limitado os límites da mente. Ao final, a mensaxe é sinxela; ata unha situación de desgraza pode levar á felicidade.

Alfombra de paz
Título orixinal: Peace Carpet
Nacionalidade: Irán
Ano: 2018
Dirección: Ziba Arzhang
Duración: 4:06

Todo o mundo busca unha cerva, a cerva está preñada. Ela está preocupada por salvar a vida da súa cría, e pasa por varias camas para salvarlle a vida. O deseño da cortina técese na alfombra.

O pequeno heroe
Título orixinal: Micul erou
Nacionalidade: Rumanía
Ano: 2018
Dirección: Elena Ciolacu
Produción: National University of Theater and Film "I.L. Caragiale"
Duración: 5:05

Nun fermoso día de primavera, xusto despois de que deixase de chover, un rapaciño intenta convencer a súa nai sempre ocupada de saíren e xogaren xuntos. Decepcionado pola súa negativa, sae só, mais a caprichosa aparición dunha bolboreta tórnase nunha aventura imaxinaria para rescatar a súa nai da tediosa prisión do traballo e preocupacións.

Patas para arriba

Título orixinal: Topsy-Turvy
Nacionalidade: Ucraína
Ano: 2018
Dirección: Olha Havrylova
Produción: Olena Golubieva
Duración: 4:00

O desexo de saber o que está detrás da misteriosa parede xigante, leva a un neno a un lugar fantástico, onde non todo é como na vida real. Encontrará unha linguaxe común cos habitantes do mundo Patas para arriba?

Mareas

Título orixinal: Tides
Nacionalidade: Países Baixos
Ano: 2018
Dirección: Fleur Sophie de Boer
Produción: Fleur Sophie de Boer
Duración: 3:36

Dende a cabina óense ruídos balbucintes e entrecortados. É Hessel, o buscador de lombrigas con cebo, que está preparado para comezar o seu día. Coa súa radio na emisora de sempre, prepárase para comezar o traballo duro, mais a axuda chega desde unha fonte inesperada. Unha traxicomedia de stop-motion animada sobre un buscador de lombrigas, gaivotas que bailan e o mar de Wadden.

O paxaro e a balea

Título orixinal:The bird and the whale
Nacionalidade: Irlanda
Ano: 2018
Dirección: Carol Freeman
Produción: Jonathan Clarke
Duración: 7:03

O paxaro e a balea é unha historia sobre unha balea nova que loita para atopar a súa voz. Despois de estar lonxe da súa familia para explorar un naufraxio, descobre o único sobrevivente, un paxaro cantor engaiolado. Xuntos loitan para sobrevivir perdidos no mar.

Valemon

Nacionalidade: Federación Rusa
Ano: 2017
Dirección: Stephanova Maria
Guión: Tupikina Uliya
Produción: Gerasimov Alexander
Duración: 8:41

Este é un conto de fadas sobre a busca do inalcanzable na vida.



O día da torta

Título orixinal: Cake Day
Nacionalidade: Países Baixos
Ano: 2018
Dirección: Jeroen Koelewijn
Duración: 3:46

Un pasteleiro moi perfeccionista está a elaborar a torta de aniversario perfecta, cando de súpeto o seu día se ve arruinado por unha mosca noxenta.

Unha luz na noite

Título orixinal: Une lumière dans la nuit
Nacionalidade: Francia
Ano: 2018
Dirección: Marie Grymonpré / Adrien Verbeck
Guión: Marie Grymonpré
Produción: Carlos de Carvalho
Duración: 2:04

Que pasaría se toda a auga da Terra desaparecese? Mara, de trece anos, é unha rapaza aventureira que adoita telo todo e nunca se cuestionou sobre o medioambiente. Mais cando descobre o que realmente sucede coa Terra, grazas á súa gata Pantufla, as cousas cambian.

O peixe, o home e o monstro

Título orixinal: The fish, man and monster
Nacionalidade: Países Baixos
Ano: 2018
Dirección: Nik ter beek
Produción: Nik ter beek / Kim van der vlugt
Duración: 3:50

A loita por sobrevivir nun mundo arriba no ceo. Un home e un xigantesco peixe monstro voador necesitan atopar comida. Deben traballar xuntos para conseguir saciar a fame.

PETIT, QUIERO SER GRANDE

NACIONALIDADE: CHILE
ANO: 2018
DIRECCIÓN: BERNARDITA OJEDA
GUIÓN: FERNANDO SALEM
PRODUCIÓN: DANIELA PONCE
DURACIÓN: 6:19

Petit é un neno de 5 anos que interpreta todo ao seu xeito. En cada capítulo Petit enfrontarase a un feito do mundo cotián que o levará a sacar imaxinativas e inesperadas conclusións, para resolver os conflitos da forma máis creativa posible.

A TRAVÉS DO PANTANO

TÍTULO ORIXINAL: THROUGH THE MARSH
NACIONALIDADE: REPÚBLICA CHECA
ANO: 2017
DIRECCIÓN: KRYŠTOF ULBERT
PRODUCIÓN: LUKÁŠ GREGOR
DURACIÓN: 5:53

Hoxe é o primeiro día de escola da nena. Non quere ir e por riba o camiño discorre por un pantano cheo de lama e un bosque escuro cheo de animais aterradores. Ademais, o seu pai é secuestrado por un trasgo de auga. A nena debe ser valente, salvar o seu pai e coa axuda del librarse do trasgo. E, por fin, chegar á escola.

RYOKO

NACIONALIDADE: ESPAÑA
ANO: 2018
DIRECCIÓN: EMILIO GALLEGO / JESÚS GALLEGO
PRODUCIÓN: GALLEGO BROS, S. L.
DURACIÓN: 3:45

Un traxecto normal en tren pode converterse nunha viaxe chea de sorpresas.

QUERIDA ALICIA

TÍTULO ORIXINAL: DEAR ALICE
NACIONALIDADE: ESTADOS UNIDOS
ANO: 2018
DIRECCIÓN: MATT CERINI
GUIÓN: REECE RAGUSA
DURACIÓN: 3:38

Un artista inseguro debe motivar a unha rapaza de ollos moi abertos a ver a beleza no seu bosquexo antes de que o autobús chegue á súa parada.

YUANFEN

NACIONALIDADE: ESTADOS UNIDOS
ANO: 2018
DIRECCIÓN: AMANDA SPARSO
PRODUCIÓN: AMANDA SPARSO
DURACIÓN: 3:17

Un conto conmovedor sobre a adopción vista a través dos ollos dun neno.

A MEDIDA

TÍTULO ORIXINAL: TAILORED
NACIONALIDADE: FRANCIA
ANO: 2018
DIRECCIÓN: LÉA COUSTY / CHLOÉ ASTIER / RAPHAËL GUEZ / MÉLANIE FOURGEAUD / HUGO BOURRIEZ / VICTOIRE LE DOURNER
GUIÓN: LÉA COUSTY
DURACIÓN: 7:12

Esta curtametraxe conta a historia dun humano nun mundo cheo de animais. É o seu primeiro día de traballo como simple modisto nun famoso taller de alta costura. No canto de facer o seu traballo, cose un disfraz que parece feito coas partes de diferentes animais para imitar aos seus colegas e ocultar a súa diferenza.



AS VIAXES DE PICHÜK

NACIONALIDADE: GALICIA
ANO: 2016
DIRECCIÓN: MANEL CRÁNEO E PACO CUESTA
GUIÓN: PACO CUESTA
PRODUCIÓN: ALEJANDRO ENRÍQUEZ
DURACIÓN: 10:00

Pichük, un humilde científico, amósanos á rexión de Frondössia. Alí Urrakaploides e Flicks queren voar alto. O Tronkotrönk coñece moi ben eses comportamentos... O resultado: pregúntenlle aos Pajarräros... son os únicos sobrevivintes.



O REINO DAS HARMONÍAS

+7

Sons procedentes de tódolos recantos do mundo. Adicamos bloque temático ás curtametraxes musicais. Temos harmonías de diferentes estilos e procedencias, sons étnicos, pasando por acordes de jazz ata o espectacular son dunha orquestra sinfónica. Unha sección espectacular para melómanos de tódalas idades.

Todas as curtametraxes desta sección son candidatas ó Premio Buxainas que concederán as nosas "arquitectas" ó mellor filme para público maior de 7 anos.



Instrumento
Título orixinal: Instrument
Nacionalidade: Irán
Ano: 2016
Dirección: Abedin Mohammadi
Duración: 1:13

A xente en Irán adora a música, mais non queren ser músicos. A xente en Irán é artista, mais teñen medo de ser artistas. O director repara nisto neste breve vídeo.

Músicos
Título orixinal: Musicians
Nacionalidade: Ucraína
Ano: 2018
Dirección:Darina Kudenko
Duración: 1:19

Músicos é un traballo de estudantes. A tarefa consistía en "animar" os debuxos do caderno de bosquexos. Despois de seleccionar a boa música da famosa banda ucraína, intentei retratar algo etnicamente ucraíno, mais sen símbolos tradicionais.

Nota azul
Título orixinal: Blue NoteNacionalidade: Estados Unidos
Ano: 2018
Dirección: David Donar
Produción: David Donar
Duración: 2:40

Un guitarrista atopa a inspiración desde arriba.

Euforia
Título Orixinal: Euphoria
Nacionalidade: Hungría
Ano: 2018
Dirección: Katalin Egely
Produción: Katalin Egely
Duración: 4:00

Hai moito tempo a xente separouse da súa contorna natural e sofre desde esta división a falta do sentimento esencial de unidade e pertenza. Todos somos parte das mesmas loitas e harmonías, elementos "sen vida" e criaturas vivas, desta danza frenética de euforia e aceptación.



Entre as ligas
Título orixinal: Вдоль и поперёк
Nacionalidade: Rusia
Ano: 2017
Dirección: Koneva Maria
Produción: Vadim Pegasov
Duración: 4:23

Unha cebra descobre que está completamente soa nun mundo onde todos teñen parella. Entón ela busca o amor, desespérase mais finalmente atopa outra cebra. Estas dúas fan unha parella perfecta no seu abstracto baile amoroso.

A ilusión de Joseph
Título orixinal: L'illusion de Joseph
Nacionalidade: Italia
Ano: 2016
Dirección: Pasquale D'Amico
Duración: 2:12

O fenaquitoscopio é un instrumento óptico antigo inventado en 1832 por Joseph Plateau que anima imaxes. O resultado de combinar estas animacións cun stop motion de xoguetes de papel do século dezanove é este traballo feito como homenaxe ao inventor do fenaquitoscopio.

O día do casamento

Título orixinal: Weeding day
Nacionalidade: República Checa
Ano: 2017
Dirección: Zuzana Čupová
Produción: Lukáš Gregor
Duración: 3:13

Curtametraxe animada realizada coa música Furiant da Danza Eslava de Antonín Dvořák. Cunha historia sobre as vodas folclóricas checas, o bordado popular e as alegres celebracións nupciais.

Vermello e o reino do son

Título orixinal: Red & the kingdom of sound
Nacionalidade: Reino Unido
Ano: 2018
Dirección: Phil Gomm
Produción: Phil Gomm
Duración: 18:13

Adaptación animada da composición de Benjamin Britten de 1945, O Guía da Persoa Nova na Orquestra. Vermello e o Reino do Son visualiza a orquestra sinfónica como un reino fantástico que comprende quince distritos arquitectónicos diferentes derivados dos diferentes instrumentos musicais da orquestra. Vermello, o protagonista da animación, personifica a persoa nova que se achega á música clásica mentres percorre os distintos terreos musicais da paisaxe orquestral de Britten.



A MIÑA FAMILIA E OUTROS ANIMAIS

+7

Os maiores... eses estraños seres que nos queren e nos coidan pero que en máis dunha ocasión actúan de maneira incomprensible (aínda que tamén divertida). Neste bloque veremos a paciencia que temos que ter as nenas e os nenos para entender para a esa fauna que deron en chamar familia: Pais ocupados que non pensan máis que no traballo, avoas un tanto amarradas, tíos que non saben facer regalos, pais obsesionados cos peixes... Ver para crer.

Todas as curtas desta sección son candidatas ó Premio Buxainas.

O ESPELLO DE ANXO

Nacionalidade: China
Ano: 2018
Dirección: Cheng Chao
Produción: Shi Qi
Duración: 14:10

A historia comeza a principios da década de 1990 en China nun complexo industrial. Un rapaz que acaba de mudarse coa súa familia, curiosea pola zona residencial. Un día descobre que algúns nenos de idade similar que están a xogar ao tenis de mesa non lle sacan ollo a unha rapaza dunha xanela alta. El empeza a tentar atraer a súa atención. Quere coñecer a súa historia.

MONTAÑA ESPACIAL

Nacionalidade: España
Ano: 2018
Dirección: Víctor Nores
Produción: Andrew Adams
Duración: 14:00

Cando os seus pais se separan, Paula xa non pode celebrar o seu aniversario coa súa familia. Así que decide escapar e percorrer 400 quilómetros para atopar o seu pai.

O SORPRENDENTE XOGUETE

Título orixinal: The amazing toy
Nacionalidade: Canadá
Ano: 2016
Dirección: Marie robin
Produción: Valentin Verrier
Duración: 10:36

Unha cebra descobre que está completamente soa nun mundo onde todos teñen parella. Entón ela busca o amor, desespérase mais finalmente atopa outra cebra. Estas dúas fan unha parella perfecta no seu abstracto baile amoroso.

¿ME VES?

Título orixinal: ¿Me ves?
Nacionalidade: Arxentina
Ano: 2017
Dirección: Luz Rapoport
Produción: Constanza Rojas Domper
Duración: 9:40

Lara e Lautaro son irmáns e queren que os seus pais lles presten máis atención e xoguen con eles. Intentarán formas diferentes e divertidas para logralo.

O PRÍNCIPE DO OUTONO

Título Orixinal: The autumn prince
Nacionalidade: Estados Unidos
Ano: 2018
Dirección: Mick R. Jones
Produción: Cassie Widlak / Mike Wendt
Duración: 8:32

Sean e Eddy embárcanse nunha nobre procura para enriquecerse anciñando as follas dun veciñ

TODO DEPENDE DE COMO A XENTE OLLA O MUNDO

Título orixinal:Tudo depende de como a gente olha o mundo
Nacionalidade: Brasil
Ano: 2018
Dirección: O super Marco
Duración: 2:00

Hoxe é o 11 aniversario de Ana, mais ela está soa na casa. Entre os seus poucos xoguetes e libros terá que usar a súa imaxinación para pasar o día.

SPUTNIK

Nacionalidade: España
Ano: 2017
Dirección: Vicente Bonet
Produción: Vicente Bonet
Duración: 20:00

Nikolay é un cosmonauta que se converte no primeiro humano enviado ao espazo. Un fallo técnico fará imposible que volva con vida. Mentres tanto orbita arredor da Terra na súa cápsula, á espera do seu tráxico final. Un encontro casual cambiará a súa vida.

CHICO MIGUEL
NACIONALIDADE: ARXENTINA
ANO: 2018
DIRECCIÓN: MAXIMILIANO SUBIELA
GUIÓN: CRISTINA BALDESSARI
PRODUCIÓN: ADRIÁN BACCARO
DURACIÓN: 15:00

Un retrato dun mozo solitario que atopa un monicreque de Pinocho que lle devolverá certa maxia á súa vida.

A FORTALEZA
TÍTULO ORIXINAL: LA FORTEZZA
NACIONALIDADE: ITALIA
ANO: 2018
DIRECCIÓN: STEFANO RUSSO
GUIÓN: STEFANO RUSSO / CRISTIANO CICCARELLI
PRODUCIÓN: MARISA EVANGELISTA / FABIO DE CARO
DURACIÓN: 20:00

A fortaleza, gravada integramente na illa de Ischia, é a historia de Vito, o pai de Sebastiano de dez anos. Coa axuda da parella de Vito, Lucía, pai e fillo intentarán reconstruír o vínculo entre eles. A fortaleza tamén é unha oportunidade para explorar as belezas históricas da illa, a súa tradición popular e a súa natureza máis salvaxe.

O GUERREIRO DO DRAGÓN
TÍTULO ORIXINAL: THE DRAGON WARRIOR
NACIONALIDADE: REINO UNIDO
ANO: 2018
DIRECCIÓN: DANIEL EAST
PRODUCIÓN: SHAUNA REID
DURACIÓN: 6:00

Logo dunha longa batalla polo divorcio, a nai lelle un conto para durmir á súa filla. Mentres lle le O guerreiro do dragón, a súa imaxinación animada vese constantemente interrompida por preguntas imperiosas. Preguntas sobre o seu pai agora ausente. Preguntas que a súa nai se nega a responder.

A TRAVÉS DOS SEUS OLLOS
TÍTULO ORIXINAL: THROUGH HER EYES
NACIONALIDADE: ALEMAÑA
ANO: 2018
DIRECCIÓN: SARAH FÜRSTENBERG
PRODUCIÓN: SARAH FÜRSTENBERG / DANIEL KADOUR
DURACIÓN: 5:03

Debido á forte discusión dos seus pais, Emily está esperta na cama e non pode durmir. Na madrugada, vai ao bosque, apaña paus, recolle flores e colócaas nas dúas mesiñas de noite dos seus pais. Cando espertan cren que a parella foi quen puxo o agasallo na mesiña, e coa alegría esquecen a discusión.

A MIÑA FAMILIA E OUTROS ANIMAIS 2
DOMINGO 18 | 12.45H | CASA DA CULTURA DO MILLADOIRO

LILA
NACIONALIDADE: ARXENTINA
ANO: 2014
DIRECCIÓN: CARLOS LASCANO
PRODUCIÓN: DREAMLIFE STUDIO S.L.
DURACIÓN: 9:00

Armada co seu caderno de debuxos, Lila sae ao mundo, convencida de que ten o poder de convertelo nun lugar mellor. Sentada nun bar, paseando por un parque ou camiñando por unha rúa, Lila debuxa as liñas que enchen a maxia perdida dos que a rodean.

A CARPA DOURADA
TÍTULO ORIXINAL: Χρυσόψαρο
NACIONALIDADE: GRECIA
ANO: 2018
DIRECCIÓN: YORGOS ANGELOPOULOS
PRODUCIÓN: ERT / SOUL PRODUCTIONS
DURACIÓN: 14:21

Un rapaz pensa que o seu novo peixe é homosexual, algo demasiado terrible para o seu pai conservador.



Arredor dunha pelota

+7

Ter unha pelota non significa soamente xogara ao fútbol. Ter unha pelota significa facer amigos, significa compartir, significa vivir experiencias, ter momentos de infinita tristeza e de inmensa alegría. Nesta sección monográfica recompilaremos filmes de distintas partes do mundo que teñen como nexo común historias que acontecen arredor dunha pelota.

Todas as curtametraxes desta sección son candidatas ó Premio Buxainas que concederán as nosas "arquitectas" ó mellor filme para público maior de 7 anos.

O presentador da TVG **FRAN CAÑOTAS** enterouse de que no Cinema Crianza tamén falamos de fútbol e quere achegarse a presentar este bloque!!



Los galgos
Nacionalidade: México
Ano: 2018
Dirección: Jesús Espinosa M.
Produción:
Duración: 4:48

Logo dun longo verán cheo de adestramentos, Santiago, un neno de nove anos quere unirse ao equipo local de fútbol Os Galgos. Cando creza, deberá vencer a Ramiro para formar parte dun equipo de fútbol.

Pobre Yuninho
Nacionalidade: Brasil
Ano: 2018
Dirección: João Ademir
Produción: João Ademir / Érida Ferreira
Duración: 14:54

Juca e Lipe son dous nenos que pasan o día xogando á pelota na rúa. Yurinho, un neno criado pola súa avóa, quere unirse á broma.

Varahram
Nacionalidade: Irán
Ano: 2018
Dirección: Mahdi Kamrani
Produción: Mahdi Kamrani
Duración: 6:00

Unha pequena curtametraxe sobre unha nena que quere xogar cos outros nenos á pelota na rúa mais a súa nai impídello e mesmo lle pecha a porta para mantela dentro da casa. Logo outros nenos queren xogar con ela...

Luns
Título Orixinal: Mondays
Nacionalidade: Irán
Ano: 2018
Dirección: Reza Golchin
Produción: Mohammad golchin
Duración: 6:35

Un neno foxe da escola por xogar ao fútbol.

Rammat-Gammat
Nacionalidade: India
Ano: 2018
Dirección: Ajitpal Singh
Produción:Ajitpal Singh
Duración: 18:22

Un é mellor futbolista, outro é máis rico. A súa amizade entra en crise cando o diñeiro decide o mérito.

Robotia
Nacionalidade: Arxentina
Ano: 2018
Dirección: Diego Cagide
Guión: Mariano Rojo
Produción: Nicolás Couvin
Duración: 13:00

Robotia é unha serie animada para nenos que retrata as aventuras de Alex e os seus amigos nun pequeno campo de fútbol situado no bosque da cidade. Todas as tardes, dez robots xúntanse para xogar ao fútbol despois da escola. Viven aventuras deportivas que lles axudarán a entender e valorar a amizade e o espírito colectivo.

SESIÓN ESCOLAR: METAMORFOSES

O Cinema Crianza quere achegarse nesta segunda edición ao mundo docente a través de diversas proxeccións para escolares.

Así pois, ofrecemos esta sesión, dirixida ao alumnado de 5º e 6º de primaria, de alto contido didáctico e que só poderá verse durante estas funcións escolares. Nela propoñemos unha selección de curtametraxes chegadas dende afastados lugares do mundo para falarnos sobre migración, igualdade de xénero, acoso escolar, multiculturalidade e diversidade ao tempo que nos adentramos nas vidas e nos mundos de Elika, Gabriel, Narges, Fhedi e os seus amigos e familiares.

Todas as curtametraxes desta sección son candidatas ó Premio Buxainas que concederán as nosas "arquitectas" ó mellor filme para público maior de 7 anos.

Retrato de Elika

Título orixinal: Rainbow Children – Portrait of Elika
Nacionalidade: Bélxica
Ano: 2018
Dirección: Maryam Bayani
Produción: Maryam Bayani
Duración: 12:30

Nunha presentación de clase Elika, de 5 anos e con doble orixe, quere dar aos seus compañeiros e compañeiras a imaxe máis veraz do país da súa nai, Irán. Á súa vez, eles farán moitas preguntas. Esta curtametraxe amosa unha serie de retratos de moitas nenas e nenos belgas con doble orixe na búsqueda da súa identidade. Esta vez, é o turno de Elika.

Fhedi

Título orixinal: فادي
Nacionalidade: Exipto
Ano: 2018
Dirección: Anne Abdalla
Duración: 10:56

Un neno de oito anos que é constantemente acosado na escola atopa unha nova definición de poder cando se enfronta a unha decisión difícil.

Inspiración

Nacionalidade: República bolivariana de Venezuela
Ano: 2018
Dirección: Daniel Parucho
Produción: Daniel Parucho
Duración: 9:48

Gabriel é un neno de baixos recursos económicos que un día quixera ser coma o seu pai, un adestrador de Parkour. A pesares de ter dificultades coa súa man esquerda, fará todo o posible para acadalo e converterase nunha inspiración.

A voz de Narges

Título orixinal: Narges's voice
Nacionalidade: República islámica de Irán
Ano: 2017
Dirección: Hadi Rahbar
Produción: Hadi Rahbar
Duración: 14:58

No Islam está prohibido escoitar a voz das nenas maiores de nove anos por homes que non sexan da súa familia máis próxima. Narge é unha nena iraní que quere cantar durante a celebración do novo ano mais dentro duns días é o seu aniversario e xa non poderá facelo, como tampouco poderá xogar co seu mellor amigo, Alí.

O principiño

Título orixinal: Prinsesspojken
Nacionalidade:Suecia
Ano: 2016
Dirección: Sosi Chamoun
Guión: Sosi Chamoun
Produción: Sosi Chamoun
Duración: 8:34

Un irmán e unha irmá comparten un dormitorio onde a metade está decorada en azul e a outra en rosa. O irmán está moi entusiasmado coa roupa e os xoguetes da súa irmá, e un día recibe un paquete para que el tamén poida vestirse da maneira que queira.

Tras reunir todos aqueles bloques, Federica construíu unha enorme torre para pasar o inverno. Non sabía que fora o que lle pasara pero sentía que era unha formiga distinta. Todas as experiencias foran quen de cambiala. Agora era máis sabia e quizais se sentía un chisquiño máis maior.

De súpeto sentiuse cansa, moi cansa. Máis do que se tivera sentido nunca. Federica colleu algunhas das ramiñas que tiña preto e fixo con elas unha cama na que deitarse a durmir.

Sen apenas darse conta, Federica quedou durmida nun plácido e profundo sono que durou horas, días, semanas...

Unha especie de murmurio arrastrado polo vento rematou por facer espertar a Federica. Estaba un chisco aparvada, cando conseguiu abrir os ollos. E foi aí o momento no que descubriu que aos pés da súa cama agardaban Mamá e Papá Formiga e xunto a eles tódalas formigas da colonia.

Federica sentiuse feliz pero aínda lle custaba erguerse, semellaba que o seu corpo aumentara de tamaño. Mamá Formiga achegouse a ela cun espello e Federica puido contemplarse. Xa non era máis aquela pequena formiguiña, agora era unha gran Formiga Raíña e aqueles bloques convertéranse no fogar da súa colonia.

Créditos

Director de programación:
Marcos Nine

Coordinación:
Cristina Fiaño

Textos:
Marcos Nine

Comunicación:
Cristina Amigo

Ilustración da cuberta:
Olaya Naveira

Deseño e maquetación:
Cristina Fiaño

Condución das sesións:
Atenea Gharsía

Xestión de copias:
Ximena Losada

Tradución ao galego:
Ximena Losada e Begoña Combo

Fotografía:
Paula Cermeño

Vídeo:
Tingalaranga

Técnica de proxeccións:
Froq eventos

Produción:
Urdime Proxectos Culturais

Organiza:

Concello de AMES

Apoia:

Deputación DA CORUÑA

Promove:

Urdime
PROPOSTAS CULTURAIS

Colaboran:

salgado

GADIS

centro dental macía